



CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL

Para retornar a ese “vello” costume das postais de Nadal (parece que xa é vello, sobre todo na escrita de postais e no aqul de carimbalas e de envialas por correo postal)

CONVÓCASE O CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL

BASES

Quen pode participar?

Todo o alumnado do IES Ramón Menéndez Pidal.

Que hai que facer?

Unha postal que estea relacionada co Nadal e con estas datas.

Como?

En calquera formato e co deseño que se desexe, é dicir, pode estar escrita á man ou pode realizarse a través do ordenador.

Lingua:

Estarán redactadas en GALEGO e, ademais, poderán estar escritas noutras linguas (combinadas co galego).

Cando?

O prazo para presentalas será ata o 16 de decembro de 2019.

Onde se entregan?

Nunha caixa de correo que estará colocada ao carón da árbore de Nadal.

CATEGORÍAS

1ª CATEGORÍA: alumnado de 1º e 2º da ESO.

2ª CATEGORÍA: alumnado de 3º e 4º da ESO.

3ª CATEGORÍA: alumnado de Bacharelato e Ciclos formativos.

PREMIOS

Haberá un premio de 10 euros por categoría.

O xurado estará formado por tres membros da comunidade educativa.

As postais gañadoras serán as que dean os parabéns este Nadal a través das redes sociais do centro.

Todas as postais que sexan presentadas ao concurso serán expostas nos andeis da cristaleira da entrada do centro na semana do 16 ao 20 de decembro.

Animádevos a participar e FELIZ NADAL!